

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

<i>Código</i>	<i>Nat</i>	<i>Ud</i>	<i>Resumen</i>	<i>Prezo por partida</i>
D	Capítulo		DESCOMPOSTOS	
C 011	Capítulo		TABICARÍA EN SECO	
E0300005	Partida	m2	<p>PERFILARÍA METÁLICA</p> <p>Estrutura autoportante para tabicaría seca, a base de perfilaría metálica galvanizada formada por perfil "U" de 50 ou 75 mm. en encontros con sollados e teitos e montantes do mesmo material e sección axeitada ao tipo de placa de xeso a colocar, cada 60 cm. a eixes en alturas inferiores aos 2,50 m., mesmo tracexamento e nivelación, banda elástica de illamento acústico baixo dormente de base e en encontros entre montantes de bordo e muros de fábrica, ángulos, reforzos en ocos, parafusaría adecuada a cada soporte, medios auxiliares e pequeno material. Preparado para instalación de placa de acabado, seguindo as indicacións do fabricante. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos. Esta estrutura poderase utilizar, así mesmo, para extradorsados autoportantes.</p>	7,68
E0300010	Partida	m2	<p>PERFILARÍA DE MADEIRA</p> <p>Estrutura autoportante para tabicaría seca, a base de armazón de madeira de piñeiro tratada con produtos eficaces antixilófagos, formado por dormentes superior e inferior de sección 40 x 60 mm. e montantes de sección 60 x 60 mm., cada 60 cm. a eixes en alturas inferiores aos 2,50 m., mesmo tracexamento e nivelación, banda elástica de illamento acústico baixo dormente de base e en encontros entre montantes de bordo e muros de fábrica, ángulos, reforzos en ocos, parafusaría adecuada, medios auxiliares e pequeno material. Preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante desta. Mesmo p.p. de apertura de caixas de paso para instalacións. Aparafusaranse todos os encontros entre dormentes e montantes con parafusos especiais para madeira non oxidables. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos. Esta estrutura poderase utilizar, así mesmo, para extradorsados autoportantes.</p>	13,77
E0300015	Partida	m2	<p>PERFILARÍA MIXTA METÁL - MADEIRA</p> <p>Estrutura autoportante para tabicaría seca, a base de perfilaría mixta, metálica galvanizada formada por perfil "U" de 50 ou 75 mm. en encontros con sollados e teitos, e montantes de madeira de piñeiro tratada, de sección 60 x 60 mm., cada 60 cm. a eixes en alturas inferiores aos 2,50 m., adaptando extremos para encaixe en dormentes metálicos, mesmo tracexamento e nivelación, banda elástica de illamento acústico baixo dormente de base e en encontros entre montantes de bordo e muros de fábrica, ángulos, reforzos en ocos, parafusaría adecuada a cada soporte, medios auxiliares e pequeno material. Preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante de esta. Mesmo p.p. de apertura de caixas de paso para instalacións. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos. Esta estrutura poderase utilizar, así mesmo, para extradorsados autoportantes.</p>	15,67
E0300020	Partida	m2	<p>PERFILARÍA OMEGA EXTRADORSADO SEMIDIRECTO</p> <p>Perfilaría metálica para extradorsado seco semidirecto sobre calquera tipo de soporte de fábrica, a base de mestras metálicas galvanizadas formada por perfís "Omega" de sección axeitada ao tipo de placa de xeso a colocar, cada 60 cm. a eixes en alturas inferiores aos 2,50 m., mesmo tracexamento e nivelación, parafusaría adecuada a cada soporte, tacos de suxeición, medios auxiliares e pequeno material, preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante desta. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos.</p>	8,36

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0300025	Partida	m2	<p>MESTRAS EXTRADORSADO DIRECTO</p> <p>Mestras para extradorsado directo sobre calquera tipo de soporte de fábrica, a base de tiras da placa de xeso a colocar, duns 10 cm. de largo, sobre mestras de pasta de agarre adecuada a cada tipo de placa, cada 60 cm. a eixes en alturas inferiores aos 2,50 m., mesmo tracexamento e nivelación, medios auxiliares e pequeno material, preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante desta. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos.</p>	13,50
E0300030	Partida	m2	<p>PERFIL OMEGA FALSO TEITO DIRECTO</p> <p>Estrutura para colocación de falso teito directo, formada por perfil "C" perimetral de aceiro galvanizado e "omegas" do mesmo material cada 40 cm. como máximo entre eixes, mesmo tracexamento e nivelación, banda elástica de illamento acústico en encontros entre perfil perimetral e muros de fábrica, parafusaría adecuada a cada soporte, medios auxiliares e pequeno material, preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante desta. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos.</p>	19,52
E0300035	Partida	m2	<p>ESTRUTURA FALSO TEITO PENDURADO</p> <p>Estrutura para colocación de falso teito pendurado, formada por pezas regulables de encolgamento, pezas de cruzamento para suxeición de perfilaría, perfil "C" perimetral de aceiro galvanizado, perfil "omega" do mesmo material cada 40 cm. máximo entre eixes e pezas de cruzamento, mesmo tracexamento e nivelación, banda elástica de illamento acústico en encontros entre perfil perimetral e muros de fábrica, parafusaría adecuada a cada soporte, medios auxiliares e pequeno material, preparado para instalación de placa de acabado, seguindo indicacións do fabricante desta. Repartiranse os montantes de maneira que a distancia entre eles sexa constante e absorberase a diferenza nun dos tramos extremos.</p>	36,60
E0300040	Partida	m2	<p>FALSO TEITO FIBRA-XESO 12,5 mm.</p> <p>Falso teito formado por 1 placa de fibra de xeso de 12,5 mm. de espesura, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta (medida á parte), ou a estrutura da placa, i/repaso de xuntas, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, pasaxe de instalacións e limpeza de áreas de traballo, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	11,09
E0300045	Partida	m2	<p>FALSO TEITO FIBRA-XESO 2 x 12,5 mm.</p> <p>Falso teito formado por 2 placas de fibra de xeso de 12,5 mm. de espesura, colocadas contraplacadas nas dúas direccións, aparafusadas a estrutura de base de madeira, metal ou mixta (medida á parte), ou a estrutura da placa, i/repaso de xuntas na segunda capa, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, pasaxe de instalacións e limpeza de áreas de traballo, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	20,61
E0300050	Partida	m2	<p>TABIQUE 2 CARAS FIBRA-XESO LAMINADO 13 mm.</p> <p>Tabique formado por 2 placas de fibra de xeso laminado de 13 mm. de espesura, unha por cada lado, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida á parte), i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Mesmo manta de fibra de vidro de, ao menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m3, colocada na caixa da estrutura portante para lograr 50 dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	23,86

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0300055	Partida	m2	<p>TABIQUE 2 CARAS FIBRA-XESO LAMINADO RESIST. AUGA</p> <p>Tabique formado por 2 placas fibra de xeso laminado, resistente á auga, unha por cada lado, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida á parte), i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Mesmo manta de fibra de vidro de, ao menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m3, colocada na caixa da estrutura portante para lograr 50 dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	30,01
E0300060	Partida	m2	<p>TABIQUE 2 CARAS FIBRA-XESO 10 mm.</p> <p>Tabique formado por 2 placas de fibra de xeso de 10 mm. de espesura, unha por cada lado, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento rematado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Mesmo manta de fibra de vidro de, ao menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m3, colocada na caixa da estrutura portante para lograr 50dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	22,83
E0300065	Partida	m2	<p>TABIQUE 2 CARAS FIBRA-XESO 12,5 mm.</p> <p>Tabique formado por 2 placas de fibra de xeso de 12,5 mm. de espesura, unha por cada lado, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento rematado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Mesmo manta de fibra de vidro de ao menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m3, colocada na caixa da estrutura portante para lograr 50 dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	23,50
E0300070	Partida	m2	<p>TABIQUE 2 CARAS FIBRA-XESO 15 mm.</p> <p>Tabique formado por 2 placas de fibra de xeso de 15 mm. de espesura, unha por cada lado, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento rematado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Mesmo manta de fibra de vidro de ao menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m3 40 mm. de espesura, colocada na caixa da estrutura portante para lograr 53dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	25,20
E0300075	Partida	m2	<p>TABIQUE 1 CARA FIBRA-XESO LAMINADO 13 mm.</p> <p>Extradorsado formado por 1 placa de xeso laminado de 13 mm. de espesura, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta, ou mestras (medidas á parte), i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	9,56

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0300080	Partida	m2	<p>EXTRADORSADO 1 CARA FIBRA-XESO LAMINADO RESIST. AUGA</p> <p>Extradorsado formado por 1 placa de xeso laminado resistente á auga, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta, ou mestras (medida á parte), i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, paso de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	12,74
E0300085	Partida	m2	<p>EXTRADORSADO 1 CARA FIBRA-XESO 10 mm.</p> <p>Extradorsado formado por 1 placa de fibra de xeso de 10 mm. de espesura, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta, ou a mestras (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento acabado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	9,18
E0300090	Partida	m2	<p>EXTRADORSADO 1 CARA FIBRA-XESO 12,5 mm.</p> <p>Extradorsado formado por 1 placa de fibra de xeso de 12,5 mm. de espesura, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta, ou a mestras (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento acabado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	9,52
E0300100	Partida	m2	<p>EXTRADORSADO 1 CARA FIBRA-XESO 15 mm.</p> <p>Extradorsado formado por 1 placa de fibra de xeso de 15 mm. de espesura, aparafusada a estrutura de base de madeira, metal ou mixta, ou a mestras (medida á parte), colocadas as placas a unha distancia de, ao menos, 1,5 cm. do pavimento acabado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Medido sen descontar ocos. Totalmente acabado e listo para pintar.</p>	10,36
E0300105	Partida	m2	<p>EXTRADORSADO DIRECTO LÁ ROCHA 10 +30 mm.</p> <p>Extradorsado directo recibido con pasta de agarre, de placas de fibra de xeso laminado con la de rocha de 10 + 30 mm. de espesura e la de rocha de 90 kg/m3 de densidade, aparafusadas a estrutura autoportante de madeira, metal ou mixta (medida a parte), i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, encontros con muros de fábrica ou outro material marcando as xuntas mediante a colocación de cinta adhesiva, tracexamento auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, pasaxe de instalacións e limpeza, executado segundo indicacións do fabricante. Eliminación de restos e limpeza final. p.p. de andamiaxe e medios auxiliares. Totalmente rematado e listo para imprimir e pintar ou decorar. Medida deducindo ocos superiores a 2 m2.</p>	33,37

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009**

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0300110	Partida	m2	<p>TABIQUE PINO PAÍS P/PINTAR</p> <p>Tabique para interiores formado por 2 taboleiros rechapados de piñeiro de 16 mm. de espesura, un por cada lado, aparafusados a estrutura autoportante de madeira (medida a parte), realizado en madeira de piñeiro do país sen nós, para pintar ou lacar (non incluído), mesmo precerco de piñeiro de 70 x 35 mm., montado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, reformulo auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, paso de instalacións e limpeza. Mesmo manta de fibra de vidro de, polo menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m³, colocada na caixa da armazón portante para lograr 50 dB de illamento acústico. Medido sen descontar ocos. Totalmente rematado e listo para pintar.</p>	116,92
E0300115	Partida	m2	<p>TABIQUE PINO PAÍS P/VERNIZAR</p> <p>Tabique para interiores formado por 2 taboleiros rechapados de piñeiro de 16 mm. de espesura, un por cada lado, aparafusados a estrutura autoportante de madeira (medida a parte), realizado en madeira de piñeiro do país sen nós, para vernizar (non incluído), mesmo precerco de piñeiro de 70 x 35 mm., montado, i/repaso de xuntas, tratamentos de ocos en bandeira, reformulo auxiliar, nivelación, execución de ángulos e remates, recibido de cercos, paso de instalacións e limpeza. Mesmo manta de fibra de vidro de, polo menos, 40 mm. de espesura e densidade superior a 20 kg/m³, colocada na caixa da armazón portante para lograr 50 dB de illamento acústico. Medido a cinta corrida. Totalmente rematado e listo para vernizar.</p>	127,02